



Memoria do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e as empresas UTE TRALUSA, ARRIVA GALICIA, S.L., AUTOS GRABANXA, S.L., HERMANOS FERRIN, S.L. e AUTOCARES RÍAS BAIXAS como prestatarias do transporte urbano municipal, para a determinación das condicións de compensación tarifaria e as súas obrigas asociadas na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela

1.- Con data do 3 de decembro de 2010 asinouse o Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na área de Santiago de Compostela, mediante o cal as Administracións que participaban no mesmo, a Xunta de Galicia e diferentes concellos da denominada Área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, favoreceron a introdución de importantes melloras para as persoas usuarias, máis alá do abaratamento do prezo do transporte, tales como a simplificación de prezos mediante a introdución dunha tarifa zonal e a despenalización do transbordo, contribuíndo á integración dos sistemas de transporte interurbano e urbano.

Para a implantación das medidas previstas no indicado convenio e, singularmente, posibilitar a despenalización do transbordo entre os servizos metropolitanos interurbanos e o servizo metropolitano urbano, con data 12 de abril de 2011 asinouse un segundo convenio de colaboración, nesa ocasión entre a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o concello de Santiago de Compostela e as empresas UTE TRALUSA, HERMANOS FERRIN, S.L., AUTOS CARBALLO S.A. e TRANSPORTES MOSQUERA, co obxecto de determinar o sistema de compensacións derivadas desa despenalización do transbordo e as obrigas das partes como consecuencia da integración do transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela no sistema de transporte metropolitano. Este convenio de colaboración mantíña unha clara vinculación co convenio interadministrativo do 3 de decembro de 2010, antes citado.

2.- Tendo en conta que o 31 de decembro de 2020 esgótase a vixencia do convenio do 3 de decembro de 2010, anteriormente citado, incluídas as súas posibles prórrogas, as Administracións que participaban nel comezaron un procedemento para a súa renovación. No mesmo sentido, tanto pola vinculación entre ámbolos dous convenios como polo esgotamento das posibilidades de prórroga do convenio do 12 de abril de 2011, debe procederse á súa renovación para facilitar a continuidade das medidas de integración entre as redes de transporte e a conseguinte despenalización do transbordo.

Polo tanto, toda vez que o presente convenio se configura como instrumento para a articulación das medidas de promoción do transporte público colectivo que fixarán as administracións participantes no Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, recóllese neste novo documento a indicada vinculación entre os dous convenios.





3.- A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 148.5 da Constitución Española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos e a implantación de plans de fomento do transporte público.

4.- O concello de Santiago de Compostela ten as competencias tanto en materia de transporte público de viaxeiros como na ordenación do tráfico de vehículos e persoas e na protección do medio ambiente, tal e como se establece nos artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e na demais normativa estatal e autonómica de aplicación.

5.- A UTE TRALUSA é as empresas AUTORCARES RÍAS BAIXAS, S.L., HERMANOS FERRIN, S.L., ARRIVA GALICIA, S.L. e AUTOS GRABANXA, S.L. son as actuais prestatarias dos servizos de transporte urbano do Concello de Santiago de Compostela.

6.- O presente Convenio de Colaboración constitúe un mecanismo axeitado para a fixación das condicións do sistema de compensación tarifaria e as obrigas das partes derivadas da integración do transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela no sistema de transporte metropolitano. Para a normal execución deste convenio a administración dispón de crédito orzamentario suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.512A.470.1.

E para que conste, asínase esta memoria dixitalmente

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra (*documento asinado dixitalmente*)

